

## ACTA Nº 06/10

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2010**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 8 de febreiro de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 04/10, do 25 de xaneiro de 2010, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

- **EXPTE. 150/2009 – D. CASIMIRO MARTÍNEZ FONTÁN** presenta proxecto básico e execución par construción de muro de contención de terras, de 20,25 m de lonxitude e 2 m. de alto, dunha parcela sita na Avda. Porta do Sol, núm. 26, do barrio de

Ribeira-Meira-Moaña, de conformidade co proxecto presentado redactado pola arquitecta D.<sup>a</sup> María Dolores Blanco Pouso, visada o día 16.07.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 8 de febreiro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** Construción de muro de contención

**INFORME:** **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de construción de muro de contención está redactado pola arquitecta Dna. María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia o día 16 de xullo de 2009, presenta a seguinte documentación:

- Memoria descritiva.
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Xustificación do cumprimento da Lei 9/2002 e 15/2004 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- Memoria construtiva.
- Memoria de cálculo da estrutura.
- Estudo para a xestión de residuos da obra.
- Normativa de obrigado cumprimento.
- Estudo Básico de Seguridade e Saúde.
- Prego de condicións.
- Medición e presuposto.
- Documentación gráfica
- Presenta oficio de Dirección de obra asinado pola arquitecta Dna. María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 16 de xullo de 2009.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	65,87 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

### **3.- LICENZAS DE APERTURA**

**EXPTE. 05/10 – D<sup>a</sup> María Esperanza Casal Santiago, en representación CASAL Y ASOCIADOS, S.L.** solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 22 de xaneiro de 2010, licenza de apertura de local destinado a usos administrativos seguros) na rúa Pura P. Prado 23, edif. “Chandarquiña”, 1º local 4. O Rosal. Moaña.

Visto o informe do aparelador municipal do 8 de febreiro de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

**INFORME:** **Procede licenza de apertura** para establecemento comercial destiñado a **oficina** a favor de **Casal y Asociados, S.L.**

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 155/2006 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 23 de outubro de 2006.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipa para a zona determina a súa compatibilide.

A licenza urbanística de uso e obras outógase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 8 de febreiro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **OFICINA** cuxo titular resulta ser **CASAL Y ASOCIADOS, S.L.** a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 155/2006) outorgada pola xunta de Goberno Local celebrada o día 23.10.2006, presenta a licenza de primeira ocupación outorgada pola xunta de Goberno Local no día 09.03.2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza municipal de apertura ..... 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **CASAL Y ASOCIADOS, S.L.** licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Pura P. Prado, 23 edif. “Chanda Arquíña”, 1º, local 4, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

#### **4.- PROPOSTAS DE GASTOS**

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamentoo das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
DEPORTES	Gala do deporte - subministro de trofeos - servizo de restaurante - confección de invitacións - grabación do evento	- PubliSan Morrazo, S.L. - Club de Golf Ría de Vigo. - Irisar, Deseño e impresión, s.l.l. - L.R. CAM	3410 22601	1653,00 € 1750,52 € 65,42 € 208,80 €
MEDIO AMBIENTE E MAR	Control de plagas no Concello	- Agronerga, s.l.	3130 22711	2.000 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento 2009 prorrogado ao ano 2010 nas partidas reflectidas na táboa,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## **5.- GASTOS DERIVADOS DE ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A LOCAL SOCIAL DOS BARRIOS DO REDONDO E DO ROSAL.**

Vista a proposta da Alcaldía de data 8 de febreiro de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a local social dos barrios do Redondo e O Rosal.

Conforme coa cláusula sexta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica (cando supere os 60 euros cada dous meses) de subministro de auga, recollida do lixo.

O arrendador do local presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

**GAS NATURAL, S.U.R. 2410011146938 (231209 a 19012010) 71,73 euros**

Na súa consecuencia propoño:

**Recoñecemento da obriga a favor de PILAR LORENZO ALONSO, por importe de 41,73 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica cargo a partida orzamentaria 2310 22100.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 41,73 euros a **PILAR LORENZO**

**ALONSO**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 2310 22100.

## **6.- FONDO SOCIAL PARA FUNCIONARIOS: AXUDAS POR ESTUDOS CURSO 2008/2009**

Visto o informe do departamento de Persoal do 3 de febreiro de 2010, que di:

**ASUNTO:** AXUDAS AOS ESTUDOS DOS FILLOS E PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO.

Vistas as solicitudes para axudas aos estudos para o curso 2008/2009 presentadas polos funcionarios/as, recollidas na relación que se achega ó Departamento de persoal.

Visto o regulamento de axudas sociais para o persoal funcionario, aprobado en pleno de data 8 de agosto de 2008, proponse a súa aprobación, se procede, de acordo cos seguintes criterios:

ACEVEDO SANTOME, JAVIER .....	304,30 euros
presenta xustificante matrícula universidade (760,75)	
CASAL BLANCO, XURXO X.....	253,18 euros
presenta 1º pago xustificante matrícula universidade (632,95), claración xurada para súa filla e libro familia	
CASAS CURRO, LOIS ALBERTO.....	449,99 euros
presenta xustificante matrícula universidade e primaria e decla- ración xurada para súa filla (824,97 +120)	
BOUBETA VILLAVERDE, FERNANDO.....	240,00 euros
presenta xustificante das matrículas (120+120)	
CASAS CURRO, JULIO CESAR.....	120,00 euros
presenta xustificante matrícula e libro familia	
CASAS MARIÑO, FRANCISCO JAVIER.....	150,00 euros
Presenta matrícula escola oficial de idiomas	
CRUZ PENA, JAVIER.....	771,43 euros.
Presenta pago xustificante matriculas universidade (1,501,75 + 426,83)	
CURRAS TRIGO, MANUEL EUGENIO.....	450,00 euros
Presenta xustificante matrícula dos 3 fillos e convivencia	
GARCÍA FERNANDEZ, MANUEL.....	120,00 euros
Presenta xustificante matrícula e convivencia.	
GESTIDO MALVIDO, EUGENIO.....	150,00 euros
Presenta xustificante matrícula, libro familia e declaración xurada	
GOMEZ SILVA, MANUEL.....	120,00 euros
Presenta xustificante matrícula e convivencia	
MARTÍNEZ COSTA, PABLO.....	150,00 euros
Presenta xustificante matrícula, libro familia e declar.xurada.	
NOGUEIRA PÉREZ, MIGUEL ANGEL.....	150,00 euros
Presente xustificante matrícula e convivencia	
PÉREZ CARRERA, XOSÉ BIEITO.....	240,00 euros
Presenta xustificantes de matrículas e libro familia	
PÉREZ SANTIAGO, JOSÉ MANUEL.....	240,00 euros
Presenta xustificante de matriculas e libro familia	
PEREZ VILLAVERDE, FERNANDO.....	150,00 euros

Presenta xustificante matrícula escola oficial idiomas SOBRAL POCEIRO, JULIO MANUEL.....	120,00 euros
Presenta xustificante de matricula e convivencia VARELA BRAÑAS, LUIS.....	180,39 euros
Presenta xustificante pago matrícula (450,97euros)	
	<b><u>TOTAL.....4,359,29 euros</u></b>

Visto o informe do interventor municipal de data 1 de xuño de 2009 no que, entre outros extremos, indica que os estudos da Escola Oficial de Idiomas non se inclúen no artigo 2 do regulamento de axudas sociais, e conclúe que atendendo ao literal do texto aprobado polo Concello-Pleno o día 8 de agosto de 2009 a documentación achegada non cumpre con todos os requisitos indicados no artigo 2 do Regulamento, polo que ata que se solventen emite informe de reparo ao abono das axudas aos estudos do persoal funcionario, en cumprimento do disposto no arti 215 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe do interventor municipal do 1 de febreiro de 2010 no que se indica que o día 1 de outubro de 2009 o Pleno modificou o Regulamento de axudas sociais para o persoal funcionario pero sen prever carácter retroactivo polo que a normativa de aplicación segue na súa redacción orixinaria para as solicitudes de axudas realizadas para o curso 2008/2009 e reitera o indicado no informe do 01.06.09.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido no informe do interventor municipal por entender que coa aplicación da modificación do Regulamento aprobado no Pleno do 1 de outubro de 2009 coa documentación que achegan as solicitudes queda suficientemente xustificada.

Segundo: Aprobar as axudas para estudos do curso 2008/2009 dos/as fillos/as e persoal funcionario do Concello que se recollen no seguinte cadro

### PERSONAL FUNCIONARIO

CONCELLO DE MOAÑA	Educ. Infantil	FP	Universidade
<b>Axuda libros curso 2008/2009</b>	Primaria – ESO	Bacharelato	40% Imp. Matric.
Importe das axudas	<b>120,00</b>	<b>150,00</b>	

APELIDOS E NOME				TOTAL
ACEVEDO SANTOME, Javier			760,75	<b>304,30</b>
BOUBETA VILLAVERDE, Fernando	2			<b>240,00</b>

CASAL BLANCO, Xurxo			632,95	<b>253,18</b>
CASAS CURRO, Julio Cesar	1			<b>120,00</b>
CASAS CURRO, Lois Alberte	1		824,97	<b>449,99</b>
CRUZ PENA, Javier			1.928,58	<b>771,43</b>
CURRAS TRIGO, Manuel Eugenio		3		<b>450,00</b>
GARCIA FERNANDEZ, Manuel	1			<b>120,00</b>
GESTIDO MALVIDO, Eugenio		1		<b>150,00</b>
GOMEZ SILVA, Manuel	1			<b>120,00</b>
MARTINEZ COSTA, Pablo		1		<b>150,00</b>
NOGUEIRA PEREZ, Miguel Angel		1		<b>150,00</b>
PEREZ CARRERA, Benito	2			<b>240,00</b>
PEREZ SANTIAGO, José Manuel	2			<b>240,00</b>
SOBRAL POCEIRO, Julio M.	1			<b>120,00</b>
VARELA BRAÑAS, Luis			450,97	<b>180,39 €</b>
			<b>TOTAL . . . . .</b>	<b>4.059,29 €</b>

Terceiro: Non conceder as axudas solicitadas, respectivamente, por D. Fernando Pérez Villaverde e por D. Francisco Javier Casás Mariño porque os estudos realizados no Escola Oficial de Idiomas –ensinanzas de réxime especial- non están recollidos na relación pechada de estudos que se inclúen no artigo 2 do regulamento de axudas sociais, de funcionarios.

## **7.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE**

D.<sup>a</sup> Laura Rodríguez Chapela, persoal laboral fixa do Concello, solicita un anticipo reintegrable de 1.800 euros en 24 meses.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que esta traballadora non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto que o comité de persoal dá o seu visto e praxe á solicitude,

Visto o informe favorable do interventor do 8 de febreiro de 2010, por ser a tramitación conforme coa normativa de aplicación,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D.<sup>a</sup> Laura Rodríguez Chapela o anticipo solicitado de 1.800 euros, reintegrables en 24 mensualidades

## **8.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA URBANIZACIÓN**

Visto o escrito presentado por D. Carlos Verdeal Leite e D.<sup>a</sup> Vanesa Ríos Durán no que expoñen que finalizou as obras do expediente 242/03 e solicitan a devolución da fianza de 120,71 euros depositada na c/c que indican e da que achegan certificado de titularidade.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 1 de febreiro de 2010,

Visto o informe favorable da tesoureira do 8 de febreiro de 2010, á devolución da fianza depositada por D. Carlos Verdeal Leite e D.<sup>a</sup> Vanesa Ríos Durán, expte. de obra 242/03, por importe de 120,71 euros, (nº de documento 2004-8-0).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada da fianza por importe de 120,71 euros a favor dos seus promotores D. Carlos Verdeal Leite e D.<sup>a</sup> Vanesa Ríos Durán..

## **9.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE IMPORTE DE IVTM**

D. Jesús Rúa Veiga, por escrito do 1 de outubro de 2009, expón que está exento do IVMT e que lle cobraron na matriculación dun coche novo parte do imposto, e pide que se lle devolva. Achega xustificante do pagamento de 2 trimestres de 2009.. Posteriormente, o 29 de xaneiro de 2010 presenta copia da resolución do ORAL na que estiman a súa solicitude de exención do IVTM, declarando a exención para os exercicios 2010 e seguintes en tanto se manteñan as mesmas circunstancias.

Visto o artigo 6.6 da Ordenanza Fiscal que determina que *as solicitudes de exención e bonificación deberán realizarse nos tres primeiros meses de cada ano natural, tendo validez a súa concesión para o exercicio fiscal en curso.*

Visto o informe da tesoureira do 8 de febreiro de 2010 que indica que dado o contido da resolución ditada polo ORAL o 28 de decembro de 2009 en relación á solicitude referenciada, na que se pon de manifesto que a exención recoñecida será efectiva no exercicio corrente 2010, consonte á regulación do artigo 6º da Ordenanza fiscal do Concello de Moaña, esta Tesourería informa DESFAVORABLEMENTE a devolución pretendida, posto que o ingreso efectuado o 24 de agosto correspóndese co IVTM do exercicio fiscal 2009, en relación ao cal non tiña recoñecida exención ningunha o suxeito pasivo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a devolución do importe do IVTM solicitada polos motivos recollidos no informe da tesoureira municipal.



## **10.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

**10.A)** Visto o informe da Tesourería municipal do 8 de febreiro de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal polas declaracións relativas aos ingresos brutos presentadas polas empresas subministradoras. GAS GALICIA, SDG, SA, GAS NATURAL SUR SDG, S.A. e GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.e RCABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A., no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL,o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que,sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto,remítese á Xunta de Goberno Local,a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

### **\*GAS GALICIA, SDG, SA (CIF A15383284)**

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA (euros) BASE*0,015
EXERCICIO 2009	114.240,90	1.713,61

### **\*GAS NATURAL SUR, SDG, SA (CIF A65067332)**

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA (euros) BASE*0,015
EXERCICIO 2009	635.261,30	9.528,92

### **\*GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA (CIF A08431090)**

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA (euros) BASE*0,015
EXERCICIO 2009	101.361,39	1.520,42

### **\*RCABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A (CIF A15474281)**

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA (euros) BASE*0,015
EXERCICIO 2009	277.731,70	4.165,97

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da tesoureira, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de GAS GALICIA, SDG, SA. por importe de 1.713,61 euros, de GAS NATURAL SUR SDG,SA por importe de 9.528,92 euros, de GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. por importe de 1.520,42 euros, e RCABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. por importe de 4.165,97 euros, polos períodos recollidos no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

**10.B)** Visto o informe da Tesourería municipal do 8 de febreiro de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal polas declaracións relativas aos ingresos brutos presentadas pola empresa subministradora ENDESA ENERGÍA S.A.U. –LIÑA DE NEGOCIO ELECTRICIDADE E LIÑA DE NEGOCIO GAS BAIXA PRESIÓN-, no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL,o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que,sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto,remítese á Xunta de Goberno Local,a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

**\*ENDESA ENERGÍA SAU CIF A81948077 (LIÑA DE NEGOCIO ELECTRICIDADE)**

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA (euros) BASE*0,015
OUTUBRO 2009	14.206,14	213,09
NOVEMBRO 2009	5.945,79	89,19
DECEMBRO 2009	4.563,91	68,46
TOTAL	24.715,84	370,74

**\*ENDESA ENERGÍA SAU CIF A81948077 (LIÑA DE NEGOCIO GAS BAIXA PRESIÓN)**

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA (euros) BASE*0,015
OUTUBRO 2009	96,68	1,45
NOVEMBRO 2009	2.098,09	31,47
DECEMBRO 2009	173,76	2,61
TOTAL	2.368,53	35,53

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da tesoureira, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de ENDESA ENERGÍA SAU pola LIÑA DE NEGOCIO ELECTRICIDADE, por importe de 370,74 euros, e pola LIÑA DE NEGOCIO GAS BAIXA PRESIÓN por importe de 35,53 euros e polos períodos recollidos no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

#### **11.- ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA DUN ALUMNO EN LISTA E ESPERA.**

Visto o informe do director da Escola Municipal de Música de Moaña do 8 de febreiro de 2010, que di:

#### **CONVOCATORIA PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA DE NOVO INGRESO NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DUN ALUMNO EN LISTA DE ESPERA.**

Alumno/a: VIOLETA VARELA CURRÁS

Especialidade: TROMPA

-Prazo: Mércores 10 a Venres 19 de Febreiro.

-Procedemento:

O pai, nai ou titor deberá efectuar o pago correspondente en calquera oficina de Caixanova de Moaña no número de conta do Concello dentro dos prazos establecidos, indicando o nome do Alumno e como concepto “Matrícula Escola Municipal de Música.”

Os prezos deste servizo, segundo a Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos polos Servizos Sociais, Culturais, Deportivos e de Ocupación do Tempo Libre, son:

#### **-Formación Instrumental: 105 €**

Existe unha bonificación por inscrición de varios membros da unidade familiar na Escola ou por membro de familia numerosa: 25% de desconto por inscrición. Para acceder ó desconto o interesado deberá presenta-lo boletín de inscrición do membro familiar na Escola ou o Libro de Familia numerosa.

Unha vez efectuado o ingreso deberá entregar o xustificante de pago nas dependencias da Escola.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a formalización de matrícula por novo ingreso de Violeta Varela Currás para formación instrumental de trompa, cuxo prezo público é de 105 euros.

## **12.- CURSO DE PINTURA 2009-2010. SEGUNDO TRIMESTRE.**

Por acordo da Xunta de Goberno do 14 de setembro de 2009 aprobouse a programación do curso e o período de preinscrición do Curso de Pintura 2009-2010.

Na Xunta de Goberno Local do 2 de novembro de 2009 aprobouse a relación definitiva de inscritos e determinou o prazo para formalizar o pagamento do primeiro trimestre,

Vista a proposta do concelleiro de Cultura e Ensino do 8 de febreiro de 2010, que solicita a aprobación da relación dos alumnos inscritos no segundo trimestre do Curso de Pintura 09-10 para que procedan ao seu pagamento, 72 €/alumno/a, e que consta de 14 persoas:

- 1.- Carballido Costas, Carmen
- 2.- Santomé Romero, Susana
- 3.- Chapela Piñeiro, Águeda
4. - Portela Diz, María Jesús
- 5.- Martínez Portela, Diego Jesús
- 6.- Portela Diz, Guadalupe
- 7.- Cordeiro Portela, Andrea
- 8.- Sierra Castelo, Renata
- 9.- Alonso Portela, María Carmen
- 10.- Piñeiro Silva, Miguel
- 11.- Jalda budiño, María Teresa
- 12.- Fervenza Montero, Naiara.
- 13.- Silva Solla, Gonzalo
- 14.- Antepazo Fandiño, Conchi

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a relación das persoas inscritas no segundo trimestre do curso de Pintura 2009-2010, as cales deberán realizar o pagamento dos 72 € (24 € por mes), e trasladarlle o acordo á Recadación para a formalización do pagamento.

## **13.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO**

Visto o informe do 8 de febreiro de 2010 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, no que indica as que cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal (9) e aquelas solicitudes que non a cumpren (3),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe da traballadora social, acorda:

**Primeiro:** Aprobar a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Ogando Pazos. Reibón, 5, Meira.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Rodríguez Méndez. Concepción Arenal, 270 – 3º D.
- D.<sup>a</sup> Rosa Giráldez Durán. Fernando García Arenal, 10.
- D<sup>a</sup> Carmen González Nogueira. Palmás, 23 baixo. Meira
- D<sup>a</sup> Enriqueta Rodríguez Pérez. Rúa do Pico, 28. Meira
- D. Manuel Santiago Currás.Xunqueira, 3 – 2º A.
- D<sup>a</sup> Carmen Boubeta Pena. A Bouza, 2. A Praira.
- D<sup>a</sup>. Josefa Argibay Márquez. Concepción Arenal, 120-2º B.

**Segundo:** Aprobar a tarifa reducida do 1% a D. Cesáreo Currás González. Verdeal, 112.

**Terceiro:** Denegar as seguintes solicitudes de tarifa reducida por non cumpriren cos requisitos establecidos na ordenanza municipal por superar ingresos:

- D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Verdeal Nogueira. Berducedo, 53 B.
- D. José Palmás Solla. Palmás, 201. Domaio.
- D. Jesús Rodríguez Pena. Redondo, 131.

**Cuarto:** Notificarlle o acordo a Aqualia.

#### **14.- PONTES ANO 2010**

O comité de persoal do Concello de Moaña acordou, na súa xuntanza do 1 de febreiro de 2010, propoñer as seguintes pontes para o ano 2010:

- 11 de outubro
- 12 de novembro
- 7 de decembro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acordou aprobar a proposta nos seus xustos termos.

#### **15.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO.**

Visto o informe da orientadora laboral de data 1 de febreiro de 2010 no que indica que o 21.01.10 se publicou a Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a

convocatoria de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. Visto que o informe recolle o obxecto, a contía da subvención, o xeito de selección do orientador/a, a preferencia na concesión da subvención e o prazo para solicitálas (ata o 20 de febreiro de 2010).

Vista a proposta da Alcaldía do 4 de febreiro de 2010, que di:

Visto o informe da orientadora laboral, a Orde do 31 de decembro de 2009 da Consellería de Traballo pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego e á vista da necesidade da continuidade do servizo de orientación laboral neste Concello, faise necesario aprobar a solicitude de subvención para o período comprendido entre o 01/02/2010 ata 31/01/2011,

Polo anterior,

### **PROPOÑO**

Aprobar que o Concello de Moaña solicite ante a Consellería de Traballo a subvención para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego para o período comprendido entre o 01/02/2010 ata o 31/01/2011, solicitude de subvención pola contía máxima que especifica a orde reguladora, ascendendo a un total de 35.291,53 euros (30.688,29 subvención para retribución do técnico e 4.603,24 para gastos xerais, o 15% da subvención aprobada).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda solicitarlle á Consellería de Traballo a subvención para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego para o período 01/02/2010 ata o 31/01/2011, nos termos recollidos na proposta da Alcaldía.

### **16.- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL**

D.<sup>a</sup> María Santomé Couso, por escrito do 28 de xaneiro de 2010, expón que tivo unha caída no local da ximnasia de maiores, e como consecuencia tivo unha luxación de ombreiro. Por ese motivo estivo un mes co brazo vendado e totalmente inmovilizado. Necesitou a axuda da súa filla para que lle atendese en todo momento para vestirse, lavarse... Solicita que se lle indemnice porque non era autosuficiente, e a súa filla tivo que deixar de traballar para poder atenderlle. Acompaña fotocopia da folla de asistencia do servizo de urxencias de Povisa o 23.11.09.

Consta un documento do monitor do programa de ximnasia de mantemento no que declara que D.<sup>a</sup> María Santomé Couso sufriu unha lesión nunha das sesións impartidas o día 23 de novembro de 2009

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar o solicitado porque, primeiro, non hai relación causal entre o funcionamento normal dos servizos públicos e o dano sufrido –a luxación-, non sendo imputable este dano ao funcionamento do Concello; e, segundo, porque non demostra que o dano lle producise gastos ningúns á solicitante.

## **17.- ENDOSOS DE CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L.**

**17.A)** Dáse conta da solicitude de endoso do representante da empresa CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. da factura nº FV09/132 correspondente á prestación realizada de “Rehabilitación da casa Pazó para gardería municipal”, por un importe de 46.654,94 euros, aceptado polos representantes do BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, tomar en razón o endoso da factura nº FV09/132, por un importe de 46.654,94 € emitida por CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L.. a favor de BANCO POPULAR ESPAÑOL S.A., no nº de conta 0075-8907-24-0609999903.

**17.B)** Dáse conta da solicitude de endoso do representante da empresa CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. da certificación nº 13 correspondente á obra “Rehabilitación da casa Pazó para gardería municipal”, por un importe de 113.426,79 euros, aceptado polo representante de SETGA, S.L.U.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, tomar en razón o endoso da certificación nº 13 correspondente á obra “Rehabilitación da Casa Pazó para gardería municipal” por un importe de 113.426,79 € emitida por CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L.. a favor de SETGA, S.L.U. no nº de conta 0075-0115-72-0500058974.

## **18.- INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE CANS DE RAZAS PERIGOSAS**

D. Francisco José Sousa Portela, por escrito con entrada no Concello o día 29 de xaneiro de 2010, solicita a inscrición do seu can de raza American Staffordshire no rexistro municipal de cans de razas perigosas. Achega toda a documentación requirida na normativa que lle é de aplicación e na ordenanza municipal

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a inscrición solicitada por D. Francisco José Sousa e darlle traslado ao Rexistro Galego.

## **19.- FURANCHOS**

D. MANUEL MARTÍNEZ JALDA solicita autorización para abrir un furancho na súa bodega para a venda de 400 litros de viño tinto e 800 litros de viño branco, en Igrexario,

Tirán, 144, desde o 6 de marzo a 6 de maio de 2010. Presenta declaración de produción campaña 2009-10 da Consellería de Medio Rural e copia do certificado de inscrición de establecemento industrial catalogable adicado a actividade enolóxica, nº c-36/739.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado desde o 6 de marzo ata o 6 de maio de 2010, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

## **20.- SOLICITUDE DE VADO DE D.<sup>a</sup> NATIVIDAD REGUEIRA GÓMEZ**

Con data 1 de setembro de 2009, D<sup>a</sup> Natividad Regueira Gómez presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Ramón Cabanillas, 182 Real, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 147,00 euros (32,00 € entrada vehículos 4 metros, pasaxe permanente 100,00 euros e 15 € do sinal).

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 3 de setembro de 2009, onde se informa favorablemente á concesión, e indica que a entrada consta de catro metros de ancho e que sería conveniente o pintado dunha liña amarela ou dun cebreado amarelo diante deste vado para facilitar a súa visibilidade.

Visto o informe do inspector de obras do día 2 de novembro de 2009 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D<sup>a</sup>. NATIVIDADE REGUEIRA GÓMEZ, cunha entrada de 4 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 147,00 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

## **21.- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN DE A.VV. DE MOAÑA**

Por escrito do 2 de febreiro de 2010, o representante da Federación de Asociación de Veciños de Moaña “A Chamusca” expón que esa federación, xunto coas AAVV de Domaio “Monte do Faro” e de Meira “Arroás”, mantiveron unha reunión en novembro pasado co xefe territorial do servizo de Estradas na que lle pediron a construción de beirarrúas entre a Curva da Borna (Meira) e a Cerradiña (Domaio). Indica que na devandita reunión se lles transmitiu que o Concello deberá facer a correspondente solicitude de obra ao Servizo autonómico como entidade local. Solicitan que o Concello realice a citada solicitude ante o Servizo de Estradas para que se leve a cabo o estudo da obra co gallo de que sexa incluída nos orzamentos do ano 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a petición de construción de beirarrúas entre a Curva da Borna (Meira) e a Cerradiña (Domaio) ante o Servizo de Estradas.



Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:25 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.